De la instrucción se desprende que aquel día de 2013, el maquinista tomó la curva de A Grandeira a más velocidad de la debida tras atender una llamada telefónica del interventor, mientras que el responsable de seguridad de Adif será juzgado por un deficiente análisis de riesgos en la curva.

La tesis es que, de haber hecho esa evaluación, Adif habría detectado el peligro.

No obstante, además de la justicia por la vía ordinaria, las víctimas siguen demandando una investigación independiente sobre las causas del siniestro porque, en su opinión, todavía quedan por dilucidar las responsabilidades políticas y técnicas para finalmente acabar consiguiendo “verdad y justicia”.

En un contexto marcado por la pandemia, las víctimas convocan este sábado una marcha a mediodía de la estación de tren de Santiago a la Praza do Obradoiro, donde se concentrarán y leerán un comunicado reivindicativo. Por la tarde se celebrará una misa en la Colegiata de Sar y a las 19.00 horas habrá una concentración en el puente de la curva de A Grandeira, lugar del fatídico accidente. **J.C.**



“A presenza de tantas autoridades, non sendo en Madrid, non pasa en ningunha outra parte. Reflicte o papel especial e carácter simbólico que ten esta cidade”

“Espero que nesta década, ata os vindeiros Xacobeos, Santiago sexa medioambientalmente máis sostible, con prioridade peonil e do transporte público”

“Queremos abordar a transformación do eixo central da cidade, que vén de Basquiños, Porta do Camiño, Virxe da Cerca e Senra; e tamén da praza de Galicia”

“Destaco deste Xacobeo a restauración da Catedral, xa que é unha das mellores cousas que se teñen producido en Santiago desde o Ano Santo pasado, en 2010”

XOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO Alcalde de Santiago de Compostela

“Santiago é mañá o centro de Galicia, de España e dunha parte de Europa”

ANDREA OCA
Santiago

Situado no recuncho da esquerda do mapa nacional, Compostela é cada día do ano unha parte vital da vida de Galicia e, mañá, reúne todas as miradas nacionais pola relevancia simbólica e institucional que terá a cidade. Desde o seu despacho do pazo de Raxoi, Xosé Antonio Sánchez Bugallo divisa a crecente chegada de visitantes ao Obradoiro tras uns meses nos que Compostela foi menos 'estelar' ca nunca.

Os que levamos anos vivindo desde Compostela o día de Galicia, temos a impresión de que é propio, de que o Día do Apóstolo é un dos máis composteláns do ano. Que posición toma a capital nun día coma ese?

Todo se concentra arredor da cidade. Toda Galicia está mañá arredor de Santiago, que non só é o centro de Galicia senón tamén o centro de España e dunha parte importante de Europa. É un día especial e, ao mesmo tempo, os de Santiago temos tamén unha percepción de que é un día compartido con moitas máis persoas.

Pese a ser un día relevante, este é un 25 de xullo particular. Que diferenzas hai co último 25 de xullo dun Ano Santo?

Ten moi pouco que ver co ano 2010 e menos que ver aínda coas expectativas que tiñamos. É un Ano Santo completamente diferente pero que segue a ser moi importante. Espero que a afluencia de datos que manexamos para 2021 se cumpra para a prolongación de 2022, o que nos dará unha oportunidade que temos que aproveitar extraordinariamente ben. Ademais, é un Xacobeo con moitas cousas boas como a restauración da Catedral, que é unha das mellores cousas que se teñen producido en Santiago desde o Ano Santo pasado.

Se hai un feito que nas últimas semanas deu un xiro completo a como se recordará este día ese é o encontro do Real Padroado, que se celebra mañá. Por que ten tanta relevancia?

O Real Padroado é un órgano que concita o apoio de todas as administracións públicas, tanto a autonómica, como a central e a local en torno á cidade. Converte a Santiago nunha referencia para o conxunto de España e nun proxecto no que participa o conxunto do país. Toda Galicia asu-



BUGALLO no seu despacho do pazo de Raxoi, en pleno corazón de Santiago, no Obradoiro. Foto: Fernando Blanco

me que o proxecto de Santiago é en parte seu. Tradicionalmente, nas reunións apróbase a programación de actividades a desenvolver nos anos seguintes, normalmente nun período dunha década, e artículase despois a través do Consorcio, que é o órgano executivo do Real Padroado. Hai quen pensa que o Consorcio é independente, non, derivase do Padroado e cumpre aos plans aprobados nel.

Coinciden hoxe na cidade as maiores autoridades do Estado. Que representa iso para o Concello?

Un compromiso forte coa cidade. Temos este fin de semana en Santiago catro ministros, o presidente do Goberno, os reyes, dúas vicepresidentas do goberno... Non sendo en Madrid, isto non pasa en ningunha outra parte. Reflicte o papel especial e carácter simbólico que ten Santiago para o resto de España.

O simbolismo está ben pero neste momento o que máis preocupa son as consecuencias económicas da pandemia. Daranse algúns pasos neste eido?

Por suposto, é un elemento que impulsa a imaxe de Santiago e, ao mesmo tempo, dos acordos do Real Padroado. Agardamos unha guía de acción para os vindeiros doce anos, xa que enlazará tres Anos Santos: o deste bienio 21-22, 2027 e 2032. Será un-

ha proxección a 12 anos que é unha extraordinaria oportunidade de desenvolver aspectos que xa están en marcha pero que recibirán un impulso moi notable. Un apoio que virá sobre todo de todas as administracións.

Pensando nesa Compostela do futuro, hai moitas transformacións xa en marcha ou planificadas, como a do barrio de Conxo ou a da rúa do Hórreo. Cando as veremos listas?

A cidade transfórmasse continuamente. Se ti colles fotos de hai 20 anos e de agora pode comprobarse a magnitude da transformación que vén experimentando. De aquí a 2022 continuará esa transformación coa nova estación de viaxeiros do AVE que suporá un cambio cualitativo importante, un impulso para o ensanche; así como a modificación do Hórreo, que será moi significativa.

Que máis podemos agardar a partir de 2022?

Eu espero que se os recursos económicos permitan abordar a transformación do eixo central da cidade, todo o eixo que vén de Basquiños, Porta do Camiño, Virxe da Cerca e Senra; unha transformación necesaria da praza de Galicia... E tamén resulta moi importante a ampliación do tecido económico da cidade. Prodúcese satisfacción ver que a cidade onde se venden máis parcelas de so-

lo industrial é Santiago, na Sionlla. De feito, temos que traballar para producir máis solo industrial porque ao polígono da Sionlla, que parecía eterno, non lle quedan máis de catro anos. E temos que producir solo residencial para facer vivendas protexidas para os mozos porque as precisamos. Hai demanda de vivenda insatisfeita á que temos que darlle unha solución. Estes 12 anos serán decisivos para perfilar o Santiago do século XXI.

Como se imaxina ese Santiago?

Pois espero que ao longo desta década Santiago sexa medioambientalmente máis sostible. Está habendo debates pero temos que facer unha aposta clara na que temos que priorizar o uso peonil da cidade e o transporte público, aínda que tamén é importante a bicicleta, pero creo que os dous maiores eixos de mobilidade serán o peonil -que en Santiago ten un peso enorme- e o transporte público. Temos que reformular o reparto de mercancías na cidade histórica porque está tendo un efecto moi negativo, é unha das liñas nas que estamos traballando e esperamos acollernos aos fondos Next Generation. Temos que mellorar as rutas do Sar e Sarela, e incorporar nesas rutas outros ríos coma o Tambre, Roxos, Aríns... E desde logo a aposta polas novas tecnoloxías porque precisamos que os

mozos formados na Universidade de Santiago teñan un futuro laboral dentro de cidade.

Mentres non se culmine esa transformación do tecido económico da cidade, neste momento o sector que ten o maior peso é o do turismo, tanto desde o punto de vista dos visitantes coma dos peregrinos. Tras os peores meses para o sector, como valora os fluxos de chegadas este verán?

É difícil de saber porque a evolución da pandemia nas últimas semanas está sendo moi rápida. Si que é certo que estamos vendo unha recuperación moi rápida do Camiño e tamén do número de visitantes, cifras que esperamos que se consoliden a partir de outubro. Neste sentido será clave o avance da vacinación. De feito, os que veñen a Compostela non buscan un turismo de aventura senón un espazo seguro no que atopen momentos de reflexión, unha boa gastronomía ou poder desfrutar do patrimonio histórico.

Unha preocupación compartida neste momento é a de evitar aglomeracións, por exemplo, no caso dos botellóns. Que mensaxe lle manda aos veciños para que non se vexan este verán imaxes como as que vimos noutros puntos?

Santiago non é das cidades con máis problemas nese sentido, pero está claro que tamén está sufrindo o crecemento da pandemia, especialmente nas tres últimas semanas. Quere dicir isto que hai moitos factores que inflúen, á marxe de, por exemplo, os botellóns. Un deses factores é o da mobilidade, que se multiplicou nestas semanas, e tamén está o feito de que baixamos demasiado a garda nos espazos de confianza. O problema non son tanto os eventos xa que neles todo está medido e hai distancia de seguridade, senón entre os grupos de amigos que pensan que entre eles non pasa nada, e si pasa. A única parte boa é que, polo menos, hai unha menor porcentaxe de infeccións e de ingresos hospitalarios pero a transmisión é a mesma. De feito, si hai máis porcentaxe de persoas asintomáticas, que non son conscientes de que están transmitindo o virus. Ademais de non baixar a garda, a poboación debe acudir aos cribados, desgústame moito o nivel de desasistencia a algúns dos cribados que se fixeron.



“El Pórtico de la Gloria ha de seguir siendo para los peregrinos esa catequesis visual que quiso el Maestro Mateo”

“Ojalá que la evolución de la pandemia permita recuperar el tradicional aforo de la Catedral”

“Me alegrará que la reunión del Real Patronato sirva para hacer de Santiago una ciudad más acogedora y hospitalaria”

“No es de extrañar que muchas personas busquen la paz interior y el equilibrio emocional a través de la peregrinación”

“El papa estuvo muy acogedor en la audiencia. La conversación fue muy agradable y yo salí muy esperanzado”

MONSEÑOR JULIÁN BARRIO BARRIO Arzobispo de Santiago

“La peregrinación se está revitalizando, pero sin la intensidad de otros jubileos”

ARTURO REBOYRAS
Santiago

Monseñor Julián Barrio, arzobispo de Santiago, presidirá mañana la Misa mayor en la que el rey Felipe VI presentará la Ofrenda Nacional al Apóstol con motivo del Año Santo Compostelano. El prelado analiza la situación de las peregrinaciones, valora la reciente visita al papa Francisco en Roma y la convocatoria de la reunión a la que también asistirá es tarde como miembro del Real Patronato de la Ciudad.

En primer lugar, don Julián, ¿cómo se encuentra de salud y ánimo después de la dolencia cardíaca que le obligó a pasar unos días en el hospital recientemente?

Pues muy bien, gracias a Dios. Agradezco su pregunta precisamente porque me da ocasión para volver a agradecer a todas aquellas personas que mostraron interés por mi salud y me acompañaron con la oración. Esa cercanía siempre se valora mucho cuando tienes que permanecer hospitalizado.

Como usted preveía en la entrevista que concedió a EL CORREO el pasado enero, el obispo auxiliar no se hizo esperar, ¿qué supone para usted y para la Diócesis contar con la colaboración de monseñor Prieto? ¿Cómo han sido estas primeras semanas de trabajo?

Han transcurrido ya unos cuantos meses desde su ordenación. D. Francisco ha mostrado su total disponibilidad para conocer las distintas realidades diocesanas y prestar ese servicio pastoral que le corresponde como obispo auxiliar. Estoy convencido de que su preparación, bondad y capacidad de servicio contribuirán en este Año Santo Compostelano tan especial, sin duda alguna, a la labor de acogida espiritual de los peregrinos y a los objetivos de la pastoral diocesana.

En enero también declaraba su deseo de que se agilizase la vacunación para una pronta recuperación de la peregrinación a Santiago. ¿Ha sido como usted esperaba?

Hay que reconocer que la situación desde enero ha cambiado mucho. Todos estábamos convencidos de que la extensión de la vacunación a amplios sectores de la población y el fin de las restricciones a la movi-

lidad, la peregrinación se revitalizaría. Y así lo estamos viendo. Quizá no con la intensidad de otros años santos, pero sí con el mismo entusiasmo en los que se ponen en camino, respondiendo a la invitación: “Sal de tu tierra. El Apóstol Santiago te espera”.

¿Cómo valora la recuperación del Camino que se viene vislumbrando ya desde la pasada primavera?

Ciertamente, agradezco la disponibilidad de tantas personas que se han calzado las botas de caminar y han cargado con su mochila, para venir ante el sepulcro del Apóstol buscando aquello que nos permite dar sentido a nuestra vida: el encuentro con Jesucristo a través de la mediación del Amigo del Señor. Esto es, sin duda, muy meritorio teniendo en cuenta la situación en la que nos encontramos. Incluso en aquellos que hacen el Camino sin una clara identidad espiritual, demuestran que están dispuestos a dejarse interpelar por quienes deseamos desde aquí ayudarles a calzar las sandalias de la esperanza.

¿Qué le transmiten los peregrinos con los que puede hablar cuando llegan a Santiago en este contexto tan singular?

Me impresionan mucho los testimonios de peregrinos que han hecho el Camino con el rastro vivo de la fragilidad y vulnerabilidad experimentadas durante esta pandemia: algunos han estado enfermos, otros han visto la enfermedad de sus familiares y han vivido el dolor del fallecimiento de seres queridos. En el fondo, su vivencia nos recuerda que todos nos hemos sentido vulnerables estos meses, acusando la inestabilidad interior y emocional. No es de extrañar que muchas personas busquen esa paz interior y ese equilibrio emocional a través de la peregrinación en este Año Santo Compostelano. Aquí nos toca ayudar a curar al hombre herido y abrirle la puerta a la salud de su alma.

El limitado aforo de la Catedral y el incremento de la afluencia de peregrinos lleva a que muchos no puedan participar en la Misa del Peregrino. El Cabildo acaba de programar una misa más al día, a primera hora de la mañana, pero ¿se está trabajando en algún plan para que ningún peregrino o grupo de fieles se quede sin esta eucaristía tan espe-



MONSEÑOR JULIÁN BARRIO, arzobispo de Santiago. Foto: Fernando Blanco

cial que se celebra en Santiago?

Bien sabemos que toda celebración de la Eucaristía, sea a una hora u otra, es la actualización incruenta del sacrificio de Cristo en la Cruz. Dicho esto, es cierto que en esta especial coyuntura de límites de aforos y distancia se adoptan decisiones que entrañan cierta dificultad en la acogida de los peregrinos. El Cabildo es consciente de todo ello y conocedor de que muchos peregrinos, aunque se hace por su seguridad, se quedan sin poder asistir a las distintas Misas del Peregrino, sobre todo la del mediodía. Esto también genera preocupación en los miembros del Cabildo. Ojalá que la evolución de la pandemia permita lo antes posible recuperar el tradicional aforo de la Catedral.

Hemos conocido que el Pórtico de la Gloria se libera al fin del encapsulado, una demanda de muchas per-

sonas. ¿Cabe la posibilidad de que la gran obra del Mestre Mateo se vuelva a contemplar —con las debidas medidas de seguridad— libremente y como se hacía antaño, es decir, desde la perspectiva que fue concebido, como un elemento de la Catedral con gran significación espiritual; y no como una sala del Museo?

Usted recordará, y sus lectores también, que en la toma de posesión del nuevo deán dije que la Catedral debe mostrarse como “una casa abierta, acogedora y testimonio” para los diocesanos y para los que nos visitan. Y añadía que la Iglesia local ha de percibir que la Catedral es “una casa habitada” donde todos puedan entrar para rezar, para admirar o simplemente para permanecer en silencio. Y eso se entiende no como un mero hecho de organización, sino como manifestación de una eficaz evangelización. El Pórti-

co de la Gloria ha de seguir siendo para los peregrinos esa catequesis visual que quiso el maestro Mateo, y que debemos preservar para las generaciones futuras.

Recientemente visitaba con el presidente Feijóo al papa Francisco en San Pedro. Dejando a un lado los rigurosos protocolos de comunicación de la Santa Sede, ¿salió usted de la Biblioteca del Palacio Apostólico con el convencimiento de que el santo padre vendrá a Santiago en 2022? ¿cuáles fueron las palabras del papa tras la invitación que le cursaron?

El papa estuvo muy acogedor con nosotros en la audiencia. La conversación fue muy agradable y yo salí muy esperanzado por la preocupación y el interés que el papa había demostrado con la celebración del Año Santo Compostelano. Ciertamente, como dije al acabar ese encuentro tan especial, vivimos con esa esperanza de que pueda ser factible que el papa Francisco venga a Santiago.

Mañana el rey presidirá la Ofrenda del Apóstol en la Catedral, acompañado de la reina, la princesa y la infanta Sofía, como una familia católica ejemplar. ¿Nos puede anticipar algo de lo que le trasladará en su homilía?

El respeto al Oferente aconseja no adelantar la respuesta que en mi homilía daré a su invocación al Apóstol. En todo caso como ya he dicho después de anunciar Su Majestad que vendría el día de la solemnidad del Apóstol, le manifestaré mi agradecimiento a él y a la Familia Real por su presencia entre nosotros.

Felipe VI también demostró una vez más su compromiso con Galicia y su capital con su disposición para la reunión del Real Patronato. Como miembro de la institución en representación de la Iglesia, ¿qué planteamientos presentará en la reunión que se celebra mañana en el Hostal de los Reyes Católicos?

Sin duda que esta reunión del Real Patronato era algo deseado por las distintas instituciones que lo conforman. Como pastor de la Iglesia diocesana que peregrina en Compostela, me alegrará que este encuentro del Real Patronato contribuya a hacer de Santiago de Compostela una ciudad, si cabe, más acogedora y hospitalaria, reflejando su belleza y verdad. No en vano fue denominada “la Jerusalén de occidente”.



“El Camino es la gran marca que, asociada a Galicia, provoca muchas ganas de venir y esa identificación que buscamos de turismo seguro, naturaleza...”

“‘Instagramers no Camiño’ tuvo 13 millones de impactos. Creo que salió muy bien. Vamos a intentar llegar a todo el mundo a través de todos los canales”

“A día de hoy hay 35 activaciones del seguro coronavirus. Teniendo en cuenta que hablamos de 50.000 peregrinos y muchos más turistas es un número muy bajo”

“El éxito del bono turístico fue brutal. Llamó la atención en toda España. Llegó a haber 140.000 personas en lista de espera para sacarse uno”

ALFONSO RUEDA Vicepresidente primero de la Xunta y conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

“En la recuperación del turismo el Xacobeo juega un papel fundamental”

ROI RODRÍGUEZ
Santiago

Galicia va a cerrar julio con más de 50.000 compostelas entregadas este año. ¿Se puede decir que se está recuperando el turismo? ¿Qué papel está jugando el Xacobeo?

El Xacobeo está jugando un papel fundamental, primero porque el número de peregrinos, que supera ya los mil diarios, es muy importante. Y sobre todo porque el Camino de Santiago hace de tractor de todo y es la gran marca que, asociada a Galicia, provoca muchas ganas de venir y esa identificación que buscamos de destino seguro, espacio abierto, naturaleza... También lo que se demuestra es que la gente tiene ganas de moverse. En cuanto la movilidad se recuperó el número de peregrinos está subiendo exponencialmente. Yo espero que, con todas las precauciones, la cosa siga yendo bien.

¿Qué impacto están teniendo las campañas de divulgación del Camino en redes sociales, como la llevada a cabo por ‘instagramers’?

A raíz de los comentarios y de la repercusión que en los medios creo que resultaron muy bien. Era algo novedoso, pero hay que estar con los tiempos. Un perfil concreto de peregrinos y de gente joven se comunica y accede a la información a través de las redes sociales, por lo tanto había que estar ahí y creo que fue una buena idea. Fueron instagramers gallegos que además no tenían prácticamente ninguna experiencia haciendo el Camino, o muy poca, con lo cual, lo que contasen iba a ser muy sincero. Y además la Xunta lo único que les pidió es que contaran lo que iban viviendo y lo que iban experimentando, a su manera, y por supuesto con total libertad. Creo que ha salido muy bien, pues tuvo 13 millones de impactos, y vamos a hacer muchas acciones de esas. Vamos a intentar llegar a todo el mundo a través de todos los canales y las redes sociales son uno muy importante.

¿El seguro coronavirus es un plus para la llegada de peregrinos? ¿Cuántas veces tuvo que activarse?

El seguro coronavirus no sólo es para el Camino, es para cualquier turista que venga a Galicia. A día de hoy hay 35 activaciones, lo cual teniendo en cuenta que hablamos de



AÑO SANTO. Alfonso Rueda en su despacho con la mascota del Xacobeo ‘Conchiña’ de fondo. Destacó la importancia del Camino para el turismo y el potencial por explotar que tiene la red de cascos históricos o el litoral. “Tenemos muchísimas ideas”, dijo, pidiendo al Gobierno implicación “más allá de palabras” Foto: F. Blanco

50.000 peregrinos y de muchos más turistas que no han llegado como peregrinos es un número muy bajo que dice dos cosas: primero que se está actuando bien y que el Camino y Galicia son un destino seguro. Y después, que no podemos bajar la

guardia porque el virus está en todas partes, también en el Camino. Por eso tenemos que seguir tomando restricciones en aforos de albergues o locales de hostelería, que estamos deseando levantar en cuanto sea posible, pero cuando no hay otro re-

medio tenemos que seguir manteniéndolas. A nadie le gustaría que esa sensación, que tiene que ser real, de que el Camino es seguro, se desmoronase porque hubiera muchos contagios o porque fuera normal que los peregrinos se contagiasen. Eso, afortunadamente, ni está pasando ni esperamos que pase.

¿Apuesta el Gobierno por el Xacobeo con la intensidad que debería?

Estamos acabando el séptimo mes del año y hay un Plan Nacional Xacobeo que ni siquiera se presentó en Galicia. Hubo una presentación y fue en Oviedo, algo que habla por sí solo. Por lo tanto tenemos una serie de declaraciones, pero compromisos concretos aquí no llegó ninguno. Siempre decimos lo mismo: tenemos muchísimas ideas y propuestas para hacer conjuntamente con el Gobierno, que dice que se quiere implicar en el Plan Xacobeo y que es el producto turístico de este año y del que viene, pero compromisos ninguno. La Xunta quiere colaborar pero lo que queremos es que el Gobierno se implique. El domingo van a estar aquí muchos ministros y el presidente y se lo agradecemos, pero también le vamos a pedir que se comprometa de verdad con el Xaco-

beo, más allá de las palabras.

El sector del turismo fue uno de los más castigados por la COVID y la Xunta puso en marcha el Bono turístico para darle un impulso. ¿Cómo está evolucionando?

Ahora mismo está en torno al medio millón de euros consumido, pero hay que tener en cuenta que se puso en marcha hace muy poco tiempo y que tenemos por delante la temporada fuerte de vacaciones. Hay de plazo hasta el 31 de diciembre para gastarlo y supongo que la gente se planificará para hacerlo durante estos meses que faltan. El éxito, efectivamente, fue brutal. Llamó la atención en toda España. Llegó a haber 140.000 personas en lista de espera para sacarse un bono y creo que eso demostró que hay muchas ganas de viajar por Galicia también.

¿Hacia donde debe evolucionar el sector turístico aprovechando los fondos que van a llegar de la UE?

La evolución nos la están marcando las propias condiciones de los fondos, que por cierto hay una reunión pendiente con el Ministerio que fue dos veces aplazada, a ver sin por fin la tenemos, para decirnos la cantidad que viene a Galicia, que yo espero que sea una cantidad justa, que no haya criterios políticos en el reparto, y las condiciones para gastarlo. Hay que hacer proyectos para el turismo que viene después la COVID: mucha inversión en nuevas tecnologías, mucha inversión en la adaptación de los establecimientos para hacerlos más seguros desde el punto de vista sanitario y luego vamos a buscar mucho la colaboración público privada. Estos fondos los queremos utilizar para aquellos proyectos donde la gente arriesga su dinero y necesita también un apoyo de las administraciones para hacer que sean duraderos.

¿Qué habría que revitalizar?

Tenemos productos turísticos en Galicia que tenemos que fomentar muchísimo. Tenemos una red de cascos históricos, empezando por el de Santiago, que hay que explotarlos mucho más, siempre de una forma sostenible. Tenemos un litoral, desde el sur hasta el límite con Asturias que tiene todavía muchísimas posibilidades de explotar. Tenemos muchísimas ideas, lo que queremos es que nos digan ya cuanto dinero nos va a tocar.

EN CLAVE POLÍTICA

••• ¿Optará a la reelección como presidente del PP de Pontevedra?

Los congresos provinciales se convocaron a principios de esta semana. El día de la convocatoria hubo compañeros que decidieron otra estrategia, pero yo he preferido ese día convocar el congreso y, dentro del plazo para anunciar candidatura, tomaré mi decisión y la anunciaré. Estos días estoy hablando con muchos compañeros del partido en Pontevedra, porque si me presento lo haré con un equipo y para intentar seguir siendo útil. Por lo tanto quiero hacer balance de lo hecho y de lo que podemos hacer y después anunciaré mi decisión.

••• ¿Aunque todo el PPdeG defiende a Feijóo como el mejor candidato a revalidar mandato en la Xunta en 2024, si finalmente decide no presentarse estaría dispuesto el ‘número dos’?

En el primer comité ejecutivo después del congreso autonómico lo que nos marcamos es lo que tenemos por delante, que es tener un muy buen resultado, y tenemos muchas cosas que mejorar, en las municipales. Yo estoy seguro de que el resultado de las municipales nos va a abrir a todo el mundo una visión de lo que tenga que pasar. De todas formas Feijóo acaba de presentarse a un congreso y no tiene sentido estar cuatro años hablando de lo mismo.



“Vexo a Feijóo obsesionado co Bloque e coa súa portavoz. Se o PP está tan nervioso e porque saben que somos a alternativa real”

“A min preocúpame que haxa discursos de odio, xenófobos, machistas que está alentando a extrema dereita. Cando o PP pacta con Vox está alimentando a semente”

“Galicia non ten futuro sen mocidade. Hai que dar expectativas diferentes ás que ofrece o PP, que son paro, emigración e precariedade

“Hai que crear un novo modelo no que se aposte por producir, pola ciencia e a investigación, e tamén por reforzar os servizos públicos”

ANA PONTÓN. Portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego e líder da oposición

“Estamos nunha posición de fortaleza para poder ser a forza hexemónica”

IÑIGO CAÍNZOS
Santiago

Mañá é o día da Patria, no que dicides que hai moito que celebrar.

Sobre todo hai moito que reivindicar, celebrar que somos un país con moito potencial. Queremos que se poña ao servizo do país para que haxa unha saída xusta e galega da crise, sabendo que eso pasa por reforzar servizos públicos. Que haxa capacidade para cambiar este modelo, máis ferramentas de decisión sobre asuntos centrais para construír unha Galicia con futuro. É un día de confianza, de orgullo de ser galegos, de amosarlle ao mundo que hai un pobo que quere traballar por unha Galicia mellor.

25 de xullo, domingo. O eixo dun Xacobeo con prórroga. Hai quen ven a oportunidade de reactivar Galicia. Vós sodes bastante críticos con centrar todo no Xacobeo. Por qué?

Nós o que dicimos é que Galicia ten unha enorme capacidade para producir, e que todas as economías que queren ser solventes non teñen como elemento central o turismo. Hai capacidade para que sexa de calidade, pero ao lado dese sector ten que haber capacidade produtiva. Unha das leccións que deixa a pandemia é que necesitamos producir aquí e non en China. Os fondos non van ser a panacea, pero son os únicos para reactivar o país, e teñen que chegar ás pemes e ao tecido produtivo.

Crítico o Xacobeo non é coma se o Barça orquestase unha campaña contra Messi?

Non fixemos campaña contra ningún sector. Feijóo manipula unha campaña que o único que pretendía era denunciar a falta de oportunidades para a mocidade. Aí temos unha debilidade moi grande, porque Galicia non se pode construír sen a mocidade. Necesitamos un novo modelo de país que evite que outra xeración de galegos teña que emigrar.

Os mozos son unha prioridade para vós. Por onde pasa a recuperación?

Galicia non ten futuro sen a súa mocidade. Hai que dar expectativas diferentes ás que ofrece o PP, que son paro, emigración e precariedade. Necesitamos fortalecer o tecido produtivo. Temos capacidade para saír da crise. Pero co PP non hai política económica nin industrial. E o da electricidade é un caso sangrante. Somos un país



VENTOS DE CAMBIO. A líder da oposición e portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, no Parlamento. Está convencida de que non tocaron teito e de que poden encabezar o cambio en Galicia. Foto: Miguel Fernández

rico en produción pero non temos ningunha vantaxe. Ao contrario. Acabamos de pagar a tarifa máis alta da historia. Detrás están o lobby eléctrico, as portas xiratorias, e o veto de Feijóo a unha tarifa eléctrica galega. No norte de Europa, as zonas produtoras pagan menos. Sería o maior incentivo fiscal para a instalación de empresas. Hai que poñer a riqueza do país ao seu servizo e frear o espolio.

Cal é o modelo do BNG?

Hai que apoiarse na ciencia, na investigación, na captación e retención do talento e que os fondos cheguen ás pemes. Hai que reforzar os servizos públicos. O máis preocupante é a opacidade na xestión dos *NextGen*. O Parlamento non coñece a proposta do PP. Ou ben non hai plan, ou teñen algo que ocultar. É unha auténtica irresponsabilidade.

Como vai o acordo de investidura con Sánchez?

O BNG demostrou que pode condicionar a política do Estado en defensa dos intereses de Galicia, e romper cos problemas máis graves da xestión de PP e PSOE. Lamentablemente, Sánchez non está cumprindo ese acordo. Fai esperar polos descontos e a transferencia da AP-9, non da unha solución de futuro para Alcoa ou se esquece de que necesitamos unha transición enerxética xusta.

Como foi este primeiro ano liderando a oposición?

Foi un ano diferente. A pandemia mudou todo, tamén as prioridades que podemos ter dende a oposición. Fixemos unha oposición contundente na crítica pero con propostas e alternativas, dando solucións de futuro fronte ao desastre que deixa o PP. Vexo a Feijóo obsesionado co Bloque e coa súa portavoz. Sabe que o BNG é a alternativa real. Demostra que non é capaz de afrontar esta situación. Deteriorou máis os servizos públicos. Fixemos traballo de fiscalización. Así contribuímos ao avance do país.

Que nota lle pon ao BNG?

As notas nolas poñen os galegos. Temos que poñerla á cidadanía, cun sobresaínte. Demostraron que teñen capacidade de adaptación e sacrificio. O persoal sanitario, das residencias, dos servizos esenciais... deron unha lección. No chega coas homenaxes. Son necesarias condicións laborais dignas e reforzo dos servizos públicos.

E ao Goberno da Xunta?

Xestionar unha pandemia non é fácil, pero este Goberno foi sempre por detrás, improvisou respostas. Deu a sensación de que Feijóo está máis pendente da estratexia de Génova, de oposición por oposición ao Goberno central. Necesitamos un Goberno coas mans libres para defender os inte-

reses do país, e non un entregado a Casado. Está entregado á defensa de intereses económicos que non son os do país, como a defensa das eléctricas poñendo en perigo o desenvolvemento do medio rural. Esta é a cara de Feijóo. Non sei se é porque está preparando a porta xiratoria para a saída de dentro de tres anos.

O rol do PSdeG facilita o liderado do Bloque?

PP e PSOE cambian o discurso sobre Galicia en función do que se senta na Moncloa. É a política de discriminación e actuar como correas de transmisión das direccións madrileñas. Os galegos saben que o BNG ten as mans libres.

Foi un ano intenso en materia sanitaria, medioambiental... pero quero pararme no social. En igualdade, dereitos LGTBI... Polo que estamos vendo, avanzamos ou retrocedemos?

A nivel global temos avanzado. Pero eso non quere dicir que non haxa retrocesos. A min preocúpanme os discursos de odio, xenófobos, machistas, que está alentando a extrema dereita á que cada vez se parece máis o PP. O asasinato de Samuel conmociona e pon o foco dunha maneira moi dura sobre un problema que existe. Cando a alguén o apalean ao grito de “maricón de merda”, é evidente que hai LGTBifobia.

Pero tamén hai unha sociedade e mocidade concienciada. Os 8M son un exemplo. E sacamos dúas leis, a da violencia vicaria ou a da igualdade na investigación. Hai esperanza. Pero hai que aillar os discursos xenófobos. O PP e Feijóo se equivocan cando pactan coa extrema dereita, porque están alimentando unha semente que pode agromar, e vemos as consecuencias.

Cree de verdade que o PP está en sintonía con ese discurso?

Creo que cando o PP pacta con Vox dalle alas. Se non o fan aquí e porque non teñen necesidade, pero pactan en Murcia ou Madrid, e non vin a Feijóo desmarcarse. O PP tería que copiar a dereita europea e aillarlles. Aquí miran tan de cerca o seu discurso que as veces non se diferencia o PP de Vox.

Vostede di que aspira a ser forza hexemónica. Que no Bloque caben todos os que leven a Galicia no corazón. Pero como poden caber, por exemplo, os galeguistas que non están de acordo con EH Bildu ou ERC?

No BNG marcamos o discurso en Galicia, sen ataduras. Somos unha organización aberta e cohesionada, a alternativa real ao PP para construír unha Galicia con futuro. Se o PP está tan nervioso é porque saben que estamos en disposición de ser forza hexemónica. Estamos en disposición de dar un gran salto e ter, por primeira vez, un goberno coas mans libres para defender os intereses de Galicia onde faga falta e ante quen faga falta.

Entón, caben todos?

Todo o mundo que queira construír un país con futuro, sen ataduras, romper con centralismo madrileño e confiar en Galicia. Temos potencial enorme para ser unha Dinamarca desta parte do territorio. Falta un goberno que confie.

Ana Pontón vai ser candidata?

En política, o máis importante son os proxectos colectivos. Esa é unha das grandes fortalezas do Bloque. Eu son unha militante máis que fai unha aportación, con toda a humildade, confianza e orgullo de que somos a alternativa. Vou deixarme a pel para que o BNG siga medrando estes tres anos, e poida cuallar esa posibilidade.

Hai opción real a esa victoria?

Penso que estamos nunha posición de fortaleza que da a posibilidade de convertirmos nunha forza hexemónica e ter un goberno ao servizo do país. O BNG é a alternativa real.



“Co Goberno progresista en España tomáronse medidas moi positivas para Galicia, e avanzou nalgunhas das demandas históricas, como a rebaixa da AP9”

“A Xunta suspendeu en materia de reactivación económica en xuño, e esperamos que aproben en setembro. Hai unha posición desnortada e sen rumbo”

“Avanzábase cara un cambio de Goberno en Galicia, pero a pandemia mudou todo. Para construír unha Galicia mellor precisamos un PSdeG forte”

“Cando os tempos se den, anunciarei as decisións que teño que tomar. Estou ilusionado, con forza e convicción. Son unha persoa moi resistente”

GONZALO CABALLERO Secretario xeral do PSdeG

“A militancia é consciente de que o PSdeG está mellor que cando cheguei”

IÑIGO CAÍNZOS
Santiago

Estamos en vésperas dun día especial para Galicia. Este ano, coa presenza tamén de Pedro Sánchez.

Todos os 25 de xullo son un día de celebración para os galegos, nos que poñemos en común o noso compromiso, sentimento e paixón pola nosa terra. O socialismo galego é unha parte constituínte do noso país. Foi un elemento clave á hora de determinar o noso Estatuto de Autonomía hai 40 anos. Co Goberno progresista en España tomáronse medidas moi positivas para a cidadanía galega, como a subida do Salario Mínimo, o Ingreso Mínimo Vital, os ERTes, a revalorización das pensións, e avanzou en demandas históricas como a rebaixa histórica da AP-9. A interlocución co presidente do Goberno é sempre positiva. Satisfácenos ver que este 25X ten previsto estar en Santiago.

Dende a Xunta din que Sánchez non estaba comprometido con Galicia nin co Xacobeo...

A realidade que viven os galegos é a dos recortes do PP. Entendo que os poderes conservadores en Galicia intenten desviar o centro do debate, pero a realidade é que cando lle preguntamos aos galegos polo que se preocupan atopámonos que o problema do emprego ocupa un papel fundamental, e que hai unha xeración de mozos que non atopan un porvir digno na nosa terra. O PP debería xestionar as súas competencias con máis eficacia en sanidade, políticas sociais, económico e industrial, en vez da queixa permanente coa que intentan escudarse para non facerse responsables das súas eivas e debilidades.

Falaba da interlocución con Sánchez. Como vai o cumprimento dos compromisos con Galicia?

Sempre a todos nos gusta que as cousas se poidan facer máis rápido, pero o exemplo da AP-9 é significativo. O goberno de Aznar prorrogou a concesión ata 2048, e tivo que ser un goberno progresista o que mudase esa situación, cun compromiso que supón máis de 2.000 millóns de euros en rebaixas de peaxes. Tamén hai que poñer en valor que, fronte a un Feijóo que dicía que as obras do AVE non ían estar rematadas en 2021, agora todo o mundo reconece, incluído el, que o Goberno de España fixo todos os investimentos para que chegue este ano.

É o momento de reconecer as cousas que avanzan, e tamén seguir desenvolvendo conexións ferroviarias, a saída sur, as intermodais e, sobre todo, as políticas sociais e económicas.

Os cambios no Goberno poden retrasar algúns compromisos?

O goberno ten una axenda de traballo intensa coa que vai cumprir, mantendo os seus compromisos. En Transportes é una satisfacción que Pardo de Vera, que garantiu que o AVE chegase en tempo a Galicia, colla agora máis responsabilidades á fronte do Ministerio. Tamén que Canela ocupe a Secretaría de Estado de Cooperación Internacional.

Por onde debe ir a recuperación?

A pandemia parou o mundo, e estamos avanzando cara unha nova realidade. Hai que aproveitar a oportunidade dos fondos públicos para impulsar a modernización e transformación do noso modelo e da estrutura produtiva. A economía galega tivo nos últimos doce anos unha enorme dificultade para xerar emprego, para facer crecer a poboación ocupada do país. Iso explica boa parte dos fracasos da política económica de Feijóo.

Cando hai máis fondos nos orzamentos da Xunta, non podemos asumir a falla de acción, os brazos caídos. Isto é unha enorme irresponsabilidade. O goberno meteu os millóns no colchón de Feijóo en vez de poñelos nas mans dos concellos e da cidadanía. Estamos perdendo unha oportunidade e instamos ao presidente a que constrúa unha gran alianza para a reactivación. Despois dun ano e catro meses está superado pola crise económica e sendo incapaz á hora de orientar as políticas necesarias para reconstruír.

Por que non mobilizan eses cartos?

A situación foi moi difícil de xestionar para todos, pero chegou tal cantidade de fondos que non estaban acostumbrados, nin tiñan a eficacia suficiente de poñerlle destino. Hai unha posición desnortada e sen rumbo. É evidente que a Feijóo se lle deu ben xestionar a austeridade, que foi nefasta para Galicia, porque ese é o ADN conservador, pero non ten a capacidade de impulsar políticas de protección social, impulso de emprego e de loita contra a desigualdade. O Goberno suspendeu a materia de reactivación no mes de xuño, queremos que a aproben en setembro.

Ía preguntarlle pola nota deste ano e medio... pero xa está clara...



CON FORZAS PARA O FUTURO. Gonzalo Caballero, posa nos xardíns do Parlamento de Galicia. Ve ao PSdeG en remontada. Foto: Antonio Hernández

Gustaríanos poder dicir que as cousas se están facendo ben, pero desgraciadamente para os galegos vemos unha xestión insuficiente, incapaz. Seguiremos tendendo a man, pero non podemos ser cómplices ante o desastre das políticas conservadoras.

Que hai deste primeiro ano de lexislatura. Entre a pandemia, a maioría do PP, e o BNG liderando a oposición, foi moi complexo?

Nós temos unha alternativa para Galicia que goberna en cinco das sete grandes cidades, en tres de catro deputacións, en 113 concellos... Creemos en todas as convocatorias electorais dos últimos catro anos. Nas xerais conseguimos ser primeira forza despois de catro décadas de democracia. Nas municipais, un resultado histórico. E avanzábase cara conseguir un cambio de goberno en Galicia cando a pandemia o mudou case todo e fixo que o crecemento que tivéramos se limitase a pasar dun 17 a un 19%. É certo que o fixo nunhas eleccións nas

que a abstención foi histórica, e na que solo votaron o 48% dos galegos. Pero é unha maioría dada nas urnas e teñen a lexitimade de gobernar.

Por qué a abstención vos afectou sobre todo a vós?

Sempre dixen que o gran reto do PSdeG para avanzar era conseguir unha elevada participación, como nas xerais de 2019. O nacionalismo que se dividira conseguiu fusionar os brazos. O que se constata é que cando a participación cae e o PSdeG non mobiliza ao seu electorado, o PP tivo a base para unha maioría que, antes da Covid, todo o mundo poñía en cuestión. Hábía un escenario electoral aberto no que o PSdeG lideraba a posibilidade de cambio. Traballamos para avanzar pensando en clave de futuro. Para construír unha Galicia mellor precisamos un PSdeG forte, porque é a única garantía de que pode haber un cambio de progreso.

En clave de futuro, as municipais. Estadades fortes?

Moi fortes. Estamos moi fortes. O meu obxectivo como secretario xeral é seguir crecendo ao longo dos próximos catro anos. Temos o partido encarrilado para sentar eses gobernos municipais que temos e conseguir outros novos. O PP ten un pinchazo absoluto en clave municipal. O único alcalde nunha cidade que se coloca cos votos do PP é Jácome. Fronte a iso os socialistas podemos amosar con orgullo a nosa política de proximidade e xestión. Hai que ir partido a partido, con reto das xerais e municipais que serán no 2023 para fortalecer a base.

Nese partido a partido, o próximo é o congreso do PSdeG. Hai data?

Os órganos do partido teñen establecidos uns calendarios, e os galegos marcarán a data.

Intúo que vai ser candidato...

Eu estou forte e con ilusión. O meu compromiso é traballar por Galicia. Levo no Parlamento menos de dous anos. Pontón leva 17; Feijóo, 16. Eu teño a vida persoal e profesional resolta. Din un paso adiante co apoio da militancia, facendo que o PSdeG esté mellor que cando cheguei. Cando os tempos se den anunciarei as decisións que teño que tomar. Estou ilusionado, con forza e con convicción. Son unha persoa de principios e moi resistente.


Teme que os aparatos do partido poidan apoiar a Miñones, ou que poida haber alianzas entre federacións con Formoso ou Besteiro?

Eso son elucubracións. Levo moito tempo escoitando hipóteses. Teño moi boa relación co conxunto dos cadros do meu partido. E a militancia é consciente de que o partido está mellor. E que o proxecto, que empeza a xerminar, necesita tempo para florecer. É necesario apuntalar e respaldar un proceso de rexeneración que debe estar en cambio continuo. Seguirei traballando para que o PSdeG poida seguir avanzando. Non respondo a hipóteses porque moitas se viñeron abaixo, unha a unha, no último ano.

O futuro do PSdeG pasa por Gonzalo Caballero.

Pasa pola militancia e por un proxecto feminista, ecoloxista, galeguista e de esquerdas, ao servizo do país. Son un instrumento do partido. Na medida en que queiran seguir tendo esas referencias de proxecto e unha alternativa a o PP, eu seguireino facendo con moita claridade. O meu proxecto é alternativa a Feijóo e a dereita, nunca unha alfombra vermella.

É Galicia, é a USC, es ti.



25 de xullo,
Día de Galicia.



Unha
Experiencia
Vital

WWW.USC.GAL

g

PROTAGONISTAS
DEL DÍAGALICIA
POLÍTICA,
ECONOMÍA
SUCESOS
TRIBUNALES

Gonzalo Caballero
Secretario General
PSdG

Gonzalo Caballero, reivindicou a renovación do “compromiso galeguista e federalista” do PSdG: “Traballamos en Galicia, por Galicia e para Galicia” afirmou pu ao fío da conmemoración o 25 de xullo ca ofrenda floral á Castelao en Rianxo.



Gonzalo P. Jácome
Alcalde de
Ourense

Planteó dar una nueva vida útil a las pantallas gigantes de la ciudad y reutilizarlas como marcadores electrónicos en el campo de fútbol. “¿Paneles Solares?. No, pantallas, listas para ser útiles, las vamos a reciclar” afirmó.



Juan Serrano
Alcalde de
Portomarín

Calcula que diariamente pasan por el municipio unos “mil peregrinos” o incluso más camino de Compostela. Pidió “cautela y sentido” ante el virus y aconseja “a la gente que no se arriesgue si no tiene posibilidad de pernoctar”

Sanidad asegura que todo apunta a que habrá tercera dosis de refuerzo

Un 67% de los gallegos ya cuentan con la pauta completa y un 75% con la primera dosis

ÁNGELA PRECEDO / AGENCIAS
Santiago

Con más del 50% de españoles con la pauta completa y un 67% de gallegos ya inmunizados, la expansión de la quinta ola no parece frenarse ni siquiera ante la vacuna. Así las cosas, este viernes la ministra de Sanidad, Carolina Darias, aseguró que “todo apunta” a que su departamento administrará una “tercera dosis de refuerzo” de la vacuna contra el coronavirus, pero no precisó cuándo se administrará.

De hecho, anunció que el Ejecutivo ya ha suscrito contratos por importe de 1.800 millones de euros con Pfizer y cerca de 480 millones con Moderna para recibir dosis de vacunas en 2022 y 2023, con este fin de terceras dosis.


Pero, la cosa no queda ahí, pues Darias también precisó que, “sin duda alguna”, los españoles tendrán que vacunarse contra el coronavirus cada año, como sucede contra otros virus, como por ejemplo, el de la gripe, pues el COVID llegó para quedarse.

CASI 2.000 PERSONAS DE 25 A 29 AÑOS INOCULADAS EL JUEVES. Mientras tanto, Galicia sigue avanzando en su vacunación, posicionándose como la segunda comunidad, solo por detrás de Asturias, con mayor porcentaje de inmunizados sobre el total: el 67% (1.643.944 personas). Con al menos una dosis, ya está el 75% (1.858.626 personas) de la población diana.

Por grupos de edad, hasta el momento, han sido vacunados 390.400 ciudadanos de 40 a 49 años, un 88,12% de los 443.000 habitantes en esa franja de edad. Por tanto, hasta la fecha han recibido al menos una dosis 1.620.090 personas mayores de 40 años, que suponen un 94,18% de las 1.720.101 llamadas.

Asimismo, han sido vacunadas 137.140 personas de 35 a 39 años (+ 316) y 72.986 de 30 a 34 años (+ 16.088), lo que supone 210.126 ciudadanos de entre 30 y 39, un 64,99% de los 323.300 a inmunizar en Galicia en esa franja de edad.

También han recibido al menos una dosis 17.118 perso-



OURENSE. No habrá sido la última vez que pisen estas instalaciones. Foto: Brais Lorenzo / Efe

nas de 25 a 29 años (+ 1.802); 9.611 de 20 a 24 años (+ 46); 1.533 de 15 a 19 años (+ 29) y 148 de 10 a 14 años (+ 3).

SIGUE ABIERTA LA AUTOCITA PARA JÓVENES DE 16 A 19. Ane este avance y viendo que la mayor incidencia se presenta en el grupo de edad de 12 a 19 años, el presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, recordó este viernes que los jóvenes de 16 a 19 ya tienen abierta la autocita.

Así, serán vacunados contra el coronavirus en “los hue-

cos” que quedan por cubrir en el transcurso del protocolo establecido.

A la pregunta de cómo se enteraron el miércoles los adolescentes de que se había abierto para ellos la cita (con 6.000 huecos disponibles) si no había sido anunciado todavía, Feijóo respondió que “desde hace quince o veinte días” advirtieron de que iban a intentar vacunarlos en los huecos que deja la gente que no acude al ser citada “dado que había mucha presión de la juventud”. Estos espacios

descubiertos, detalló, suponen entre un 8 y un 12%.

Por ello, el presidente de la Xunta detalló que decidieron abrir la autocita a distintos grupos para cubrir ese porcentaje, empezando por los estudiantes Erasmus. “Finalizado el de Erasmus seguimos abriendo autocitas por el criterio de mayor tasa de infección”, ha agregado. Al respecto, precisó que la tasa de infección entre jóvenes de 16 a 19 años llega a los 3.000 casos por cada 100.000 habitantes. “Ahí abrimos la autocita co-

mo es habitual de forma mecánica”, justificó Feijóo, que aseguró que no tienen ningún interés en “coger a nadie por sorpresa”, sino que “son cuestiones del portal del Servicio Gallego de Salud”, que cuando se termina una autocita abre una nueva.

Finalmente, explicó que el protocolo por edad continúa, por lo que el objetivo es finalizar la franja de 39 a 30 y luego continuar con las personas de 29 a 20. La vacunación para esta última franja arrancó en Santiago ya el jueves.

AEROPUERTO

DIECINUEVE POSITIVOS EN 8.900 TEST

